



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**ANUNCIO DA SESIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A EN XESTIÓN CULTURAL, MEDIANTE PROMOCIÓN INTERNA E POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024 SEGUNDO AS BASES PUBLICADAS NO BOP NÚM. 72, DO 20 DE ABRIL DE 2026**

Na sesión celebrada o día 3 de xullo de 2026, o tribunal do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico/a Xestión Cultural, mediante promoción interna e polo sistema de concurso oposición, como persoal funcionario de carreira, correspondente a OPE 2024, segundo as bases publicadas no Bop. núm. 72, 20 de abril de 2026, adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.** Reunido o Tribunal cualificador unha vez finalizada a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, procédese á súa corrección e cualificación, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria.

O resultado obtido é o seguinte:

Aspirante	Dni	Primeiro exercicio fase oposición
David Pastoriza Fernández	**8319***	50 puntos

Ao superar a puntuación mínima de 30 puntos establecida nas bases, o aspirante supera o primeiro exercicio da fase de oposición.

**Segundo.** O Tribunal comproba que o aspirante achega certificación acreditativa de estar en posesión do CELGA 4, polo que, de conformidade coas bases da convocatoria, queda exento da realización do segundo exercicio, cualificándose este como **EXENTO**.

**Terceiro.** Ao ter superado a fase de oposición, o Tribunal procede á valoración dos méritos acreditados polo aspirante na fase de concurso, Unha vez comprobada a documentación acreditativa dos méritos alegados, o Tribunal procede á súa valoración conforme ao baremo establecido nas bases da convocatoria, obténdose a seguinte puntuación:

Aspirante	Dni	Exp. Profesional	Formación	Coñecemento ling. Galega	Total Fase Concurso
David Pastoriza Fernández	**8319***	21,00 puntos	14,00 puntos	5,00 puntos	40 puntos

**Cuarto.** Como resultado da suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, a puntuación total provisional do proceso selectivo é a seguinte:

CVD: y3j+6/GnF1GhTnz3qKIn Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Aspirante	Dni	Fase Oposición	Fase Concurso	Total
David Pastoriza Fernández	**8319***	50,00 puntos	40,00 puntos	90 Puntos

**Quinto.** Acórdase publicar a presente acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros, concedéndose ás persoas interesadas un prazo de cinco (5) días hábiles para formular as reclamacións ou alegacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria.

**Sexto.** Contra a valoración provisional da fase de concurso poderá formularse reclamación no prazo indicado. Transcorrido dito prazo e resoltas, se é o caso, as reclamacións presentadas, o Tribunal elevará á Alcaldía a proposta definitiva de nomeamento da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación.

Muros, na data da sinatura dixital  
O secretario  
José Manuel Mayo Priegue